



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE MOECHE E A ASOCIACIÓN AUTOMOBILISTICA DE MOECHE PARA A ORGANIZACIÓN DO 3º SLALOM CONCELLO DE MOECHE

Dunha parte, DONA BEATRIZ BASCOY MACEIRAS, con D.N.I. núm. 32776404R, en calidade de Alcaldesa do Concello de Moeche, e actuando en nome e representación do mesmo. asistido da Secretaria da Corporación D. Consolación Couce Calvo, que da fe do acto.

Doutra parte D. MOISES GARCIA FERNANDEZ, con DNI núm: 32623389M, en calidade de Presidente da “Asociación Automobilística de Moechel”, con CIF G70444898, en nome e representación desa entidade.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade para obrigarse na representación que posúen e, polo tanto, para o outorgamento do presente convenio de colaboración e

MANIFESTAN

De acordo co previsto na lexislación vixente as administracións públicas atópanse habilitadas para concertar os contratos, pactos e condicións que teñan por convenientes, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico e os principios de boa administración.

Así mesmo as normativas estatal e autonómica sobre réxime local, habilitan ás corporacións locais para prestar, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, toda clase de actividades e servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Por outra banda a Lei de Bases de Réxime Local prevé que o municipio exercerá, en todo caso, competencias en relación con actividades culturais, ocupación do tempo libre e turismo.

A Base 30.2 das de Execución do Presuposto do Concello de Moeche para o exercicio 2016 establece que

1. A normativa que rexe o procedemento de concesión directa de subvencións vén determinada polos artigos 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 65 e seguintes do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

2. O procedemento para a concesión destas subvencións iníciase de oficio pola Alcaldía ou Concelleiro delegado, no seu caso, e axustase o establecido na ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Moeche, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de 26 de xaneiro de 2.006



Entre as subvencións de concesión directa polo concello previstas no orzamento do exercicio de 2.016, inclúese a seguinte:

- **Organización do Slalom Concello de Moeche.** - *Establecese a sinatura dun convenio de colaboración coas entidades asociativas organizadoras do Slalom Concello de Moeche por un importe de 2.500 € con cargo a partida 338.480.00 do orzamento de gastos .*

Polo exposto, o Concello de Moeche a *“Asociación Automobilística de Moechel”*, en base a eses obxectivos e intereses comúns, acordan subscribir o presente acordo de colaboración en atención ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- É obxecto deste convenio de colaboración é a organización do *III Slalom Concello de Moeche*.

SEGUNDA.- A *“Asociación Automobilística de Moechel”*, realizara os traballos necesarios para a organización da *III Slalom Concello de Moeche* en colaboración co concello e baixo as directrices deste.

TERCEIRA.- O Concello de Moeche fará unha achega económica de 2.500 euros no presente ano 2016, en concepto de axuda para sufragar os gastos derivados das actividades deste convenio,

O pagamento desta axuda será aprobado pola Xunta de Goberno Local, estando condicionado ao cumprimento pola entidade do previsto na estipulación cuarta do presente convenio.

O pagamento farase da seguinte maneira:

- A metade do importe da axuda (1.275 euros) aboarase tras a sinatura do presente convenio
- O importe restante farase efectivo tras a xustificación da realización das actividades comprendidas no presente convenio por parte da *“Asociación Automobilística de Moechel”*, segundo o indicado na cláusula seguinte

CUARTA.- O Concello de Moeche ademais da achega económica que figura arriba comprométese a:

O Concello, ademais da contía económica, achega a seguinte colaboración:

- Subministro de 250 vallas para o o circuíto da proba e o seu transporte
- Subministro de carteis publicitarios



- Subministro de trofeos
- Apoio do persoal municipal (operario e técnico de Deportes)
- Presenza de membros de Protección Civil
- Posta a disposición da organización para o día do evento a cisterna municipal e un coche motobomba
- Posta a disposición da organización a denominada "nave dos tecidos" e o vestíbulo da Casa do Concello, con acceso á rede wi-fi e a enganche eléctrico.

QUINTA.- Pola súa parte a *"Asociación Automobilística de Moeche"*, ademais das obrigas e responsabilidades propias da organización deste evento como tal entidade organizadora, asume realizar, en coordinación co Concello, todas as actividades conducentes a celebración do **"III Slalom concello de Moeche"** e comprométese a asumir todas as responsabilidades legais que se poidan derivar da organización do mesmo

Asimesmo comprométese a

- a) A preparación do recinto para a celebración das actividades, e a posterior limpeza do mesmo.
- b) As que se derivan da celebración das diversas probas, incluíndo (xuíces, cronometraxe, etc.)
- c) O control dos vehículos inscritos, tanto o mecánico como calquera outro esixido polas diferentes administracións públicas para a realización do slalom.
- d) A subscripción dunha póliza de seguros que cubra as posibles responsabilidades que se puideran derivar da mesma
- e) A publicidade e difusión do evento. A publicidade e demais material de difusión que se edite e desenvolvemento deste evento deberá estar en lingua galega e deberá levar o logotipo oficial do Concello de Moeche
- f) A presenza de dúas ambulancias co correspondente persoal sanitario
- g) achegar persoal para a carga de descarga das vallas do circuíto
- h) deixar os colectores de lixo e material e instalacións municipais que utilicen no lugar e estado en que se atopaban
- i) Xustificar antes do 30 de setembro de 2016, podendo ser ampliado o prazo previa petición razoada e por causas xustificadas, as actividades realizadas mediante a presentación de facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico xurídico mercantil ou laboral, (TCS, cartas de pago etc.). O importe dos gastos xustificadas debe ser como mínimo o da suma de todas as axudas económicas concedidas no presente exercicio. No suposto de que non se presente xustificación polo importe esixido procederase á minoración proporcional da subvención concedida esixindo á asociación beneficiaria, no seu caso, o reintegro da cantidade correspondente.



j) Someterse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación do convenio polo Concello de Moeche, cos medios que estime oportunos e facilitarlle canta información sexa requirida, se for o caso

k) Calquera outra que se pida derivar da organización do **"III Slalom Concello de Moeche "**

SEXTA.- O período de vixencia deste convenio é a presente anualidade de 2016.

A aprobación deste convenio imposibilita á asociación solicitar ao Concello de Moeche outras subvencións para a organización do Slalom Concello de Moeche.

SÉTIMA.- Son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- 1) A desviación da axuda concedida para fins distintos dos que motivaron a súa concesión
- 2) O incumprimento por parte da asociación dos requisitos e obrigas establecidas neste convenio
- 3) A falta de xustificación do emprego das contías recibidas
- 4) As contempladas, con carácter xeral, no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións

No caso da resolución do convenios por mor das causas anteditas, a *“Asociación Automobilística de Moeche”* deberá proceder ao reintegro dos fondos efectivamente aboados polo Concello, coa esixencia dos xuros de demora correspondentes dende o momento do pagamento da axuda até a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- O presente convenio subscríbese no ámbito de aplicación da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, polo que aqueles aspectos do convenio que poidan suscitar dúbida serán interpretados en función do prescrito na devandita lei

E en proba de conformidade co anterior, asinan este documento por duplicado o día 30 de xuño mil dezaseis.

A ALCALDESA,

O PRESIDENTE AUTOMOBILÍSTICA DE
MOECHE ,

D. Beatriz Bascoy Maceiras

D. Moises Garcia Fernandez

A SECRETARIA,

Consolación Couce Calvo